

Referencia:	2023/6857P
Procedemento::	Procesos de selección de personal funcionario interino o laboral temporal mediante procedimiento ordinario
Interesado:	
Representante:	

PROBAS SELECTIVAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE NOMEAMENTOS INTERINOS DA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO C1) AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL

Na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, ás 16:00 horas do día 26 de outubro de 2023, procédese á constitución do tribunal que vulgará o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de nomeamentos interinos da categoría de administrativo/a de Administración xeral (subgrupo C1) ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, segundo bases aprobadas por Resolución da Presidencia do 03 de maio de 2023 e publicadas no BOP do día 15 de maio de 2023.

Estando presentes os membros do tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quorum, queda constituído na seguinte forma:

Presidente: don Manuel Pérez Nieto

Vogais: dona Mónica Legaspi Díaz, dona Adamantino Barreiro Garcia, dona María Isabel Rodríguez Carrera e don Esteban Fernández Álvarez

Secretaria: dona María Ángela Garrido Movilla

O presidente do tribunal explica, que tal e como establecen a bases reguladora, o procedemento de selección será, de conformidade co que establece o artigo 4.1 da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, o concurso-oposición.

A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio e non poderá supoñer nunca máis do 40% do total da puntuación. A valoración dos méritos será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles desde a data da súa realización, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, tras a autorización expresa previa da Presidencia, poderá prorrogarse o dito prazo ata un máximo de dez días naturais.

De seguido o Tribunal acorda reunirse para realizar a **valoración de méritos** dos/as aspirantes admitidos/as definitivamente no procedemento para o próximo día 27 de outubro, venres, ás 16:00 horas, na Sala de Xuntas da Deputación de Ourense

E ás 16:30 horas, dáse por finalizado o acto. Dou fe.